

As nubes



Nubes raras




Lenticular
unha nube estacionaria con forma de lente ou améndoa, pode durar moitas horas no mesmo lugar con pequenos cambios de forma.

Foto: Altega

sabías que...

Morning glory
de ata 1.000 km de lonxitude, fórmanse en sitios específicos como o Golfo de Carpentaria (Australia). Poden alcanzar velocidades de desprazamento de 60 km/h. Afeccionados de todo o mundo viaxan ex profeso para observalas.

Foto: Mick Petroff



As nubes poden clasificarse de varios xeitos. O máis común é pola altura á que están. Pode haber subtipos e, a miúdo, resulta difícil distinguir unha clase doutra. Os tipos principais de nubes son:

Nubes baixas

Chegan ata os 2.000 metros.

- 1 Cúmulos**, de base plana e cimas redondeadas en forma de coliflor. Algúns fórmanse con bo tempo, parecendo algodóns no ceo.
- 2 Estratos**, unha capa horizontal e gris con base uniforme, a baixa altura.
- 3 Estratocúmulos**, a modo de sobrecama ou edredón gris abrancazado e algodónoso.
- 4 Nimbostratos**, difusa capa baixa, gris peluche, triste e chuviosa.

Nubes medias

Entre os 2.000 e 6.000 metros.

- 5 Altocúmulos**, rabaño de branquísimos años vistos no val desde a montaña. Ás veces presentan belísimas formacións como lousas nacaradas ou avermelladas, regularmente colocadas no ceo.
- 6 Altostratos**, aspecto de saba gris inmensa que pode estenderse horizontalmente centenaes de quilómetros. Ao seu través pode verse a luz do sol e da lúa pero nunca o astro.

Nubes altas

Por riba dos 6.000 m.

- 7 Cirros**, tenues plumas flotantes.
- 8 Cirrocúmulos**, semellan grumos de leite callado, pequenos cordeiros distribuídos polo ceo en formacións afastadas.
- 9 Cirrostratos**, esténdense polo ceo cubríndoo dun finísimo veo.

Cúmulonimbos

Suben ata 10 km ou máis.

- 10** Nubes de tormenta. Responsables dos temibles pedrazos, descargas eléctricas e grandes chuvascadas. Temidos na navegación aérea debido ás tremendas correntes verticais ascendentes e descendentes.